

MPN/plc

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS PROVINCIAIS DO DÍA 22/09/2023

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. José Carlos López Campos
SUPLENTE	D. Roberto José Álvarez Carrero
VOGAIS:	D ^a . Marta Fernández-Tapias Núñez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Jorge Cubela López
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D. ^a María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D. ^a María Nava Castro Domínguez
	D. Carlos López Font
	D. Carlos Gómez Prado
	D. ^a Ana Laura Iglesias González
	D. ^a Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
	D. ^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e dous de setembro do ano dous mil vinte e tres, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. José Carlos López Campos. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión extraordinaria celebrada o oito de setembro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.



2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 (PON2030) (EXPEDIENTE NÚM. 2023010533)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de aprobación da modificación das bases reguladoras do Programa PON2030, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter previo a súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030 - EXPEDIENTE 2023010533

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 6 de marzo de 2023, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, do 7 de marzo de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO. Na base vixésima, relativa á compatibilidade, indícase o seguinte:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional da Unión Europea, este considerarase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase a minoración da achega da Deputación.

No caso de obterse subvencións doutras administración, reduciranse proporcionalmente as achegas do Concello e da Deputación.”



TERCEIRO. Na base quinta, relativa ao financiamento e contía das subvencións, estipúlanse as achegas mínimas dos respectivos concellos segundo a súa poboación e a tipoloxía dos correspondentes proxectos, estando todos os concellos obrigados a realizar unha achega económica mínima que oscila entre un 10% e un 35% do orzamento do investimento.

Ante ese esforzo económico que deben realizar os concellos considérase que, segundo a citada base vixésima, se prexudican a aqueles concellos que reciban financiamento externo das administracións autonómicas ou estatal fronte aos que a reciban da Unión Europea, xa que nos primeiros casos se reducirán proporcionalmente as achegas do Concello e da Deputación, e nos segundos a axuda exterior reverte no 100% da achega municipal.

Para elo, co propósito de favorecer economicamente aos concellos, independentemente da procedencia da axuda, propónse unha modificación parcial das bases do Programa PON2030, cunha nova redacción da base vixésima.

CUARTO. Na data 14/09/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe favorable e o 19/09/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable.

QUINTO. Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. Para permitirlles aos concellos a transformación necesaria para afrontar os tempos que veñen avanzando no cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030, tendo en conta a singular forma histórica de ocupar o territorio da poboación da provincia e sendo por iso un alicerce básico a necesaria cohesión territorial, confeccionáronse as Bases reguladoras do Programa PON2030.

Ao mesmo tempo, estas bases, dada a súa natureza de ferramenta de asistencia e cooperación económica coas entidades locais da provincia, teñen o carácter de normativa propia que se lles atribúe aos plans de cooperación, en virtude da disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

O programa deseñouse para dar cumprimento a dúas finalidades complementarias entre si:

- Proporcionarlles aos concellos da provincia de infraestruturas e dotacións de carácter singular, é dicir, que dificilmente poderían afrontar con fondos propios ou co Plan Concellos.
- Avanzar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation.

SEGUNDO. Co obxectivo de demostrar aínda unha maior cooperación económica cos concellos por parte da Deputación, e para favorecer ás distintas arcas municipais a obtención doutras axudas relativas aos investimentos do Programa PON2030, non discriminando se a axuda é da Unión Europea ou doutras administracións, ou se se reducen proporcionalmente as achegas do Concello



e da Deputación, ou se reverte no 100% da achega municipal, procede a modificación da redacción da base vixésima.

TERCEIRO. Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa por parte dos concellos, sendo posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas e cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no BOPPO.

CUARTO. Para a modificación das bases, de conformidade co disposto na base Segunda do Programa PON2030, en virtude da disposición adicional oitava da LXS, rexeirá o establecido nas súas propias bases, sendo de aplicación supletoria o establecido na LXS, é dicir que en virtude do disposto na base Terceira será o Pleno o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e das consideracións xurídicas expostas, propónse a modificación da base vixésima das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, de maneira que quede redactada co seguinte teor literal:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerarase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase a minoración da achega da Deputación.”

De acordo cos antecedentes e as consideracións xurídicas, xunto á conclusión, e vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación de 14/09/2023 (CSV: UOOIFB6TLCACIZT0) e da



Intervención de 19/09/2023 (CSV: 19FN3SS2LM96VGK5), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR a modificación das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030 da maneira que a base Vixésima queda redactada co seguinte texto:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerarase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase a minoración da achega da Deputación.”

- ORDENAR a publicación deste acordo no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9) e do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6), e a abstención do Grupo Provincial do BNG (2).

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSDEG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL AO MANTEMENTO DO PLAN CONCELLOS E A QUE TÓDOLOS INVESTIMENTOS EXTRAORDINARIOS PARA EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS MUNICIPAIS DO MANDATO SEXAN REPARTIDOS A TRAVÉS DE PLANS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA CON CRITERIOS OBXECTIVOS

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:



“O Grupo Socialista na Deputación de Pontevedra, ao amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate e votación en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Concellos supuxo un antes e un despois no financiamento dos 59 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes. Un cambio cualitativo no xeito de entender a transformación desta provincia que foi moito máis alá da obriga legal dun Plan de Obras e Servizos. A Deputación de Pontevedra cambiou dun modelo opaco no financiamento ordinario dos concellos a un plan transparente e baseado no reparto obxectivo dos fondos provinciais a partir de criterios como a poboación ou a extensión territorial.

A cor política dos concellos deixou de ser a referencia para ser substituída polos criterios obxectivos e o financiamento provincial ao municipalismo abandonou os "picos partidistas" do ciclo electoral para adoptar a forma dunha liña estable, cunha tendencia mantida ao crecemento. Ninguén pode afirmar, sen faltar á verdade, que un concello recibiu máis ou menos do que lle correspondía.

Nos dous últimos mandatos, as bases do Plan Concellos publicáronse sempre no mes de novembro, trala aprobación inicial do Orzamento provincial.

Ademais, cada concello recibiu unha carta informativa do deputado de Cooperación, de xeito que os alcaldes e alcaldesas coñeceron de antemán e de primeira man os recursos provinciais regrados cos que ían contar ao ano seguinte, facilitándolles así a planificación municipal.

O prazo de presentación de solicitudes para o Plan Concellos estivo sempre aberto ata o 1 de xaneiro e a Deputación resolveu tódalas solicitudes, unha vez recibidos os proxectos e propostas dos concellos, durante o primeiro trimestre de cada ano. As mesmas regras e os mesmos prazos para tódolos concellos.

O Plan Concellos non só fixo mellor á Deputación, senón que fixo mellores aos concellos, porque todos e cada un deles víronse motivados a poñer en marcha un novo modelo de xestión de obras e servizos coa certeza de a cada ano había recursos estables da Deputación para continuar mellorando a atención que prestan á súa veciñanza. *Alcaldes e alcaldesas de todo signo político, tamén do Partido Popular, aplaudiron o funcionamento deste instrumento, nacido coa Deputación que o Partido Socialista tivo a honra de presidir durante os 8 últimos anos.*


Os dous últimos mandatos estiveron tamén caracterizados por un legado de plans extraordinarios para a construción de grandes equipamentos e dotacións municipais. Foron adjudicados a partir de bases obxectivas e resoltos con criterios de concorrencia competitiva. Este reparto complementario de fondos provinciais, dende a Deputación que máis fondos regrados transferiu aos concellos en toda España, estimulou como nunca aos gobernos provinciais a elaborar e materializar proxectos ambiciosos que teñen transformado de xeito substantivo a vida da súa veciñanza.



Por todo elo, o Pleno da Deputación de Pontevedra adopta os seguintes:

ACORDOS:

- 1. Instar ao Goberno provincial a manter o Plan Concellos como plan único de financiamento regrado ordinario aos concellos de menos de 50.000 habitantes e a incrementar a súa dotación na mesma porcentaxe en que se incremente o Orzamento provincial de 2024 e, en todo caso, como mínimo, un 3%.*
- 2. Instar ao Goberno provincial a comprometerse a que tódolos investimentos extraordinarios e complementarios ao Plan Concellos que se liberen ao longo deste mandato para equipamentos e dotacións municipais sigan a ser distribuídos con bases obxectivas e con criterios de concorrencia competitiva.*



Carlos López Font

Voceiro do grupo provincial socialista

19 Setembro de 2023 ”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos/das deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (9), e os votos a favor dos/das deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.



E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as dez horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(*documento asinado electronicamente*)
Marina Piñeiro Novo

